



Expediente núm.: 986/2020

Publicación do Anuncio do Decreto de Alcaldía núm. 2020/0441

Procedemento: medidas sanitarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 no ámbito do Concello de Burela

ANUNCIO

Mediante o presente anuncio faise público o Decreto de Alcaldía núm. 2020/0441, ditado con data 23 de xullo de 2020, polo que se dispón manter no ámbito do Concello de Burela, as de medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, adoptadas en virtude do Decreto de Alcaldía núm. 2020/0393, ditado con data 6 de xullo de 2020, e cuxo tenor literal é o seguinte,

“Visto que en virtude do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, dispúxose, entre outros extremos, declarar a situación de emerxencia sanitaria de interese galego, así como activar o Plan Territorial de emerxencias de Galicia coa conseguinte asunción de todas as actividades de emerxencia polo Presidente da Xunta de Galicia, ou persoa en que delegue.

Visto que polo Presidente da Xunta de Galicia dispúxose, entre outros extremos e en virtude do Decreto 90/2020, do 13 de xuño, declarar a superación no ámbito da Comunidade Autónoma da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19, aprobado mediante o Acordo do Consello de Ministros do 28 de abril, e a entrada na nova normalidade con efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020, e, así mesmo, a perda de efectos do Estado de Alarma declarado polo Goberno do Estado en virtude do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, e a consecuente aplicación tanto do establecido no Real Decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, como do disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID.19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

Visto o establecido no precitado Real Decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Visto o disposto no devandito Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID.19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

Visto o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no precitado Acordo ditado o día 12 dese mesmo mes e ano, por dito órgano colexiado autonómico.

Visto que na Orde da Consellería de Sanidade de 30 de xuño de 2020, tras sinalar na súa parte expositiva ou preámbulo que, entre outras cuestións e consideracións, “De acordo co informe sobre a situación epidemiolóxica no distrito sanitario da Mariña a raíz do abrocho de COVID-19 elaborado polo subdirector xeral de Información sobre

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: ALF-MW4XHPXRLL6S09YDHAG6WZ | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6



Saúde e Epidemioloxía, do 30 de xuño de 2020, existen no día de hoxe diversos casos relacionados cun abrocho de COVID-19 que se está a desenvolver no distrito sanitario da Mariña. Todos os casos do abrocho están directa ou indirectamente relacionados uns con outros, pero non se pode afirmar nestes momentos que sexa como resultado da progresión dunha única cadea de transmisión e non se pode descartar que sexan froito da confluencia de máis dunha cadea, situación que suxeriría un nivel superior de transmisión previa do virus. Este dato, xunto ao número de persoas en corentena, que aumenta a probabilidade de que unha infección asintomática ou paucisintomática pase desapercibida, a pesar de facerlles probas e ao feito de que na zona haxa casos recentes que non se poden relacionar aínda co abrocho, fan pensar que pode persistir unha certa transmisión comunitaria”, se dispuxo a demora do restablecemento das actividades dos locais de discotecas e demais establecementos de lecer nocturno, e das festas, verbenas e outros eventos populares, así como das atraccións de feiras, entre outros, no Concello de Burela, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19, e todo elo nos termos e co alcance establecidos en dita disposición de carácter xeral autonómica.

Visto que na Orde da Consellería de Sanidade de 5 de xullo de 2020, tras sinalar na súa parte expositiva ou preámbulo que, entre outras cuestións e consideracións, “De acordo co informe sobre a situación epidemiolóxica no distrito sanitario da Mariña a raíz do abrocho de COVID-19 elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, do 4 de xullo de 2020, seguen a existir no día de hoxe diversos casos relacionados cun abrocho de COVID-19 que se está a desenvolver no citado distrito sanitario, que exixen a adopción, con urxencia, de medidas de prevención específicas neste distrito sanitario”, se dispuxo establecer determinadas medidas de prevención, entre outros, no Concello de Burela, en concreto, as contidas no anexo de dita disposición de carácter xeral, e nos puntos terceiro e cuarto da mesma.

Visto o Decreto de Alcaldía núm. 2020/0393, de 6 de xullo de 2020, polo que se dispuxeron unha serie de medidas por un prazo de quince días naturais para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no ámbito do Concello de Burela, o cal foi obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios desta Administración local, así como na súa sede electrónica, na mesma data en que foi ditado.

Visto que na Orde da Consellería de Sanidade de 10 de xullo de 2020, tras sinalar na súa parte expositiva ou preámbulo que, entre outras cuestións e consideracións, “[...] á vista do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, a evolución da situación epidemiolóxica impón o mantemento das medidas de prevención previstas na Orde do 5 de xullo de 2020, coa única modificación consistente no levantamento parcial das restricións da mobilidade, que agora se limitan partindo de dous ámbitos diferentes: por un lado, o concello de Burela, onde se concentra a maior incidencia do abrocho e, por outro, un cinto exterior a Burela, formado polos concellos de Viveiro, Xove, Cervo, Foz, Barreiros e Ribadeo, ámbito cunhas condicións epidemiolóxicas similares e diferentes do resto do ámbito territorial, polo número de casos confirmados e de contactos estreitos deles. Levántanse, pola contra, as restricións á mobilidade no resto dos concellos incluídos no ámbito territorial a que se estende a regulación da orde”, se dispuxo manter por un prazo de cinco días naturais as medidas de prevención adoptadas na previa Orde do 5 de xullo de 2020, así como modificar algunha das medidas dispostas nos puntos terceiro e cuarto da mesma, en particular, no peche perimetral do Concello de Burela, limitando a entrada e saída das persoas do noso municipio, aos supostos expresamente recollidos en dita norma regulamentaria.

Visto que na Orde da Consellería de Sanidade de 10 de xullo de 2020, tras sinalar na

Concello de Burela





súa parte expositiva ou preámbulo que, entre outras cuestións e consideracións, “[...] á vista do informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, a evolución da situación epidemiolóxica impón o mantemento das medidas de prevención previstas na Orde do 5 de xullo de 2020, coa única modificación consistente no levantamento parcial das restricións da mobilidade, que agora se limitan partindo de dous ámbitos diferentes: por un lado, o concello de Burela, onde se concentra a maior incidencia do abrocho e, por outro, un cinto exterior a Burela, formado polos concellos de Viveiro, Xove, Cervo, Foz, Barreiros e Ribadeo, ámbito cunhas condicións epidemiolóxicas similares e diferentes do resto do ámbito territorial, polo número de casos confirmados e de contactos estreitos deles. Levántanse, pola contra, as restricións á mobilidade no resto dos concellos incluídos no ámbito territorial a que se estende a regulación da orde”, se dispuxo manter por un prazo de cinco días naturais as medidas de prevención adoptadas na previa Orde do 5 de xullo de 2020, así como modificar algunha das medidas dispostas no punto terceiro da mesma, en particular, no peche perimetral do Concello de Burela, limitando a entrada e saída das persoas do noso municipio, aos supostos expresamente recollidos en dita norma regulamentaria.

Visto que na Orde da Consellería de Sanidade de 15 de xullo de 2020, tras sinalar na súa parte expositiva ou preámbulo que, entre outras cuestións e consideracións, “[...] á vista do informe emitido pola Dirección Xeral de Saúde Pública dedúcese que, a pesar dos datos positivos dos últimos días, resulta preciso manter as medidas de prevención existentes en todos os concellos da Mariña, agás as relativas á mobilidade, que se deben manter no concello de Burela, dado que concentra a maior parte dos casos do abrocho. En efecto, no ámbito territorial afectado segue a haber unha importante prevalencia da infección, o que aconsella manter as medidas no sentido indicado. Debe terse en conta que existen casos que non poden asociarse ao resto dos casos coñecidos, polo que existe o risco de que haxa un certo nivel de transmisión oculta e de que, de reducir as medidas, repunte o abrocho. Así mesmo, debe esperarse á evolución dos próximos días, o que permitirá dispoñer de máis datos procedentes das probas que se están realizando”, se dispuxo manter por un prazo de sete días naturais as medidas de prevención adoptadas na previa Orde do 5 de xullo de 2020, así como modificar algunha das medidas dispostas no punto cuarto da mesma, en particular, no mantemento do peche perimetral do Concello de Burela, e, por ende, no mantemento da limitación de entrada e saída das persoas do noso municipio, aos supostos expresamente recollidos en dita norma regulamentaria.

Visto o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Visto que na Orde da Consellería de Sanidade de 22 de xullo de 2020, tras sinalar na súa parte expositiva ou preámbulo que, entre outras cuestións e consideracións, “[...] do informe emitido pola Dirección Xeral de Saúde Pública dedúcese que, a pesar da evolución positiva da situación nos últimos días, no ámbito territorial afectado segue a haber unha importante prevalencia da infección. Así mesmo, debe terse en conta que existen casos que non poden asociarse ao resto dos casos coñecidos, polo que existe o risco de que haxa un certo nivel de transmisión oculta e de que, de reducir as medidas, repunte o abrocho. Esta situación, aplicando un xuízo de proporcionalidade, aconsella manter as medidas de prevención existentes en todos os concellos da Mariña, agás as relativas ás restricións á mobilidade en Burela, que xa se poderían levantar. Así mesmo, dada a indicada evolución positiva da situación, modifícase a restrición establecida respecto do horario de apertura da hostalaría e restauración,

Concello de Burela





que se aumenta nunha hora [...] A evolución da situación epidemiolóxica impón, en consecuencia, o mantemento da eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 5 de xullo de 2020, agás as indicadas no parágrafo anterior. As medidas deben seguir sendo obxecto de seguimento e avaliación continua e, en todo caso, nun período non superior a sete días naturais desde a publicación da presente orde, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, e proceder, segundo o caso, ao seu mantemento, modificación ou a deixalas sen efecto", se dispuxo manter por un prazo de sete días naturais as medidas de prevención adoptadas na previa Orde do 5 de xullo de 2020, así como modificar algunha das medidas dispostas no punto cuarto da mesma - en particular, no levantamento do peche perimetral do Concello de Burela, e, por ende, no levantamento da medida relativa á limitación de entrada e saída das persoas do noso municipio -, así como das establecidas nos apartados 1.3 – distancia de seguridade interpersonal -, 1.4 – obrigatoriedade do uso de máscaras -, e 3.8.6 – horario de peche dos establecementos de hostalería e restauración -, 3.30.3 – uso da máscara nas praias -, do anexo da referida norma regulamentaria.

Visto que a persoa titular da Alcaldía do Concello de Burela, ostenta a condición de autoridade sanitaria, nos termos e co alcance establecidos no artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, e, por ende, ostenta a facultade e obriga de exercer as competencias que, en materia sanitaria, lle confire dita norma legal autonómica no seu artigo 80.

Vistas as competencias que ostenta o Concello de Burela en materia de medio ambiente urbano, seguridade nos lugares públicos e protección da salubridade pública, consonte o disposto nos artigos 25.2, letras b) e j), da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 80.2, letras a), f) e h), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Vistas as facultades e potestades que ostenta o Concello de Burela sobre os bens de dominio público da súa titularidade – en particular, sobre camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes, pontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia desta entidade local -, consonte o disposto nos artigos 79 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 263 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, 74 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e 74 e seguintes do Real Decreto 1372/196, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Vistas as competencias que ostenta o Concello de Burela, sobre as praias sitas no ámbito do seu termo municipal, consonte o disposto nos artigos 115 d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, e 225 d) do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas.

Visto canto antecede, dada a situación epidemiolóxica pola que está atravesando o Concello de Burela, coa finalidade de previr e conter a propagación do COVID-19, neste termo municipal, con fundamento no interese superior da saúde pública das persoas, en xeral, e da veciñanza deste municipio, en particular, en virtude das competencias que o ordenamento xurídico lle atribúe á persoa titular da Alcaldía, e sen prexuízo das competencias que Administración Pública autonómica ostenta en materia de sanitaria e/ou de saúde pública, consonte o disposto nos artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia,

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: ALFMMW4XHPXRL6SG9YDHAG6WZ | Corrección: https://burela.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6



RESOLVO

PRIMEIRO.- Manter a medida relativa á clausura e peche temporal de todos os parques públicos situados no termo municipal de Burela, durante o prazo sinalado no dispositivo décimo da presente resolución.

SEGUNDO.- Manter a medida relativa á clausura e peche temporal da «Praza de A Mariña», durante o prazo sinalado no dispositivo décimo da presente resolución.

TERCEIRO.- Manter a medida relativa á clausura e peche temporal da «Área Recreativa do Cantiño», durante o prazo sinalado no dispositivo décimo da presente resolución.

CUARTO.- Manter a medida relativa á clausura e peche temporal de todas as instalacións e zonas deportivas públicas, tanto ao aire libre, como pechadas, que sexan titularidade do Concello de Burela, durante o prazo sinalado no dispositivo décimo da presente resolución.

QUINTO.- Manter a medida relativa á clausura e peche tanto da «Casa da Xuventude», como da «Escola de Música», titularidade do Concello de Burela, durante o prazo sinalado no dispositivo décimo da presente resolución.

SEXTO.- Manter a medida relativa á clausura e peche das duchas e lavapés das praias sitas no termo municipal de Burela, así como a prohibición do seu uso por parte das persoas usuarias das mesmas, durante o prazo sinalado no dispositivo décimo da presente resolución.

SÉTIMO.- Manter o límite temporal máximo de permanencia diaria nas praias sitas no termo municipal de Burela, o de dúas (2) horas, por persoa e día, durante o prazo sinalado no dispositivo décimo da presente resolución.

OITAVO.- Manter a prohibición de entrada a calquera persoa non autorizada por esta Administración local, aos espazos, edificios e instalacións, públicas de titularidade municipal, cuxa clausura e peche se dispón na presente resolución, e todo elo durante o prazo sinalado no dispositivo décimo da mesma.

NOVENO.- Instar a todas as persoas que transiten, acudan ou residan no Concello de Burela, e de forma particular, á veciñanza, empresas, autónomos e calquera profesional ou persoa titular dunha actividade económica que residan ou teñan un establecemento ou centro de actividade radicado neste termo municipal, a que dean estricto cumprimento ás medidas adoptadas tanto na presente resolución, como nas distintas normas e acordos da autoridade sanitaria estatal e autonómica, en particular, as dispostas na Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de 5 xullo de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención nos concellos de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Oulol, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19, e todo elo nos termos e co alcance establecidos nas mesmas, na versión vixente tras a entrada en vigor da Orde de 22 de xullo de 2020.

DÉCIMO.- A presente resolución terá efectos por un prazo de sete (7) días naturais, a contar desde a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello de Burela, nos termos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do anterior, as referidas medidas poderán ser modificadas, ampliadas ou deixadas sen efecto, incluído o seu prazo de vixencia, por razóns debidamente motivadas, segundo vaia evolucionando a situación epidemiolóxica e sanitaria que

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: ALF-MW4XHPXRLL6S9YDHAG6WZ | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6



está a sufrir a Comarca de A Mariña, con carácter xeral, e o Concello de Burela, de forma particular.

UNDÉCIMO.- Informar que o Concello de Burela, no marco das competencias que lle son propias, garantirá a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas de prevención sanitaria adoptadas na presente resolución, e todo elo sen prexuízo do disposto a tal efecto na Orde do 5 de xullo de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención nos concellos de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Oulol, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19.

DUODÉCIMO.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de Burela, con indicacións dos recursos que procedan.

Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do
Real Decreto 128/2018
O Secretario

O ALCALDE
Asdo.: Alfredo Llano García

Asdo.: José Miguel Ramos Cuba".

Contra a presente resolución cabe interpor alternativamente recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Alcaldía do Concello de Burela, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Se se optase por formular recurso potestativo de reposición non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que puidese estimarse máis conveniente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE AO MARXE

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: ALF-MW4XHPXRLL6SC9YDHAG6WZ | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6